

1.5. OFERTA DO CENTRO: ITINERARIOS, MODALIDADES, OPTATIVAS, ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES, SERVIZOS.

FALTA AÍNDA UNHA PARTE.

ACTIVIDADES CULTURAIS E EXTRAESCOLARES.

Dentro da liña xa mencionada, o noso centro, considera que as actividades complementarias e extraescolares son fundamentais para o noso alumnado, pois van complementar as explicacións teóricas e prácticas que se imparten nas aulas dentro dos diferentes niveis e materias educativas e, asemade, ofrecen a oportunidade de adquirir coñecementos, comprender, desenvolver a imaxinación e entreterse.

Creemos firmemente que a escola debe servir tamén de elemento de integración na sociedade da que o alumnado forma parte e sabemos que, desgraciadamente e en moitas ocasións, moitos dos nosos rapaces e rapazas non teñen a oportunidade de asistiren a unha representación teatral, a un concerto musical, visitar unha exposición, un museo, un lugar ou edificio significativo... Daquela, a escola vai servir tamén para proporcionarlle ao alumnado estar de xeito máis presente e activo na sociedade, axudándoo a entender o mundo máis inmediato do que forma parte.

Estamos convencidos de que este tipo de actividades culturais e extraescolares favorecen a evolución do alumnado e mesmo inflúen no logro do seu benestar emocional, mellorando o desenvolvemento das relacións interpersoais e fomentando a inclusión na propia contorna. Daquela, contémpanse actividades nas que se colabora con asociacións e colectivos redondeláns (Seminario de Estudos Redondeláns SEREN, *Redondela tv*, *Radio Redondela...*) e mesmo co propio concello, a través do seu Servizo de Normalización Lingüística ou de diferentes concellalías como a de Educación, a de Cultura, Servizos Sociais...

Neste proxecto contémpnanse actividades que se veñen realizando desde hai anos e que acadaron moitísimo éxito entre o noso alumnado. Trátase de actividades orientadas a que os rapaces e rapazas reflexionen perante o seu mundo máis próximo e sexan quen de recoñecer e valorar a importancia de lugares ou edificios nos que vive, ou cos que convive, saber de ilustres persoeiros de noso, coñecer e gozar de cheo das nosas festas máis tradicionais...

Daquela, cómpre diferenciarmos varios e grandes bloques de actividades. Dunha banda, as que se van realizar no propio centro, tales como exposicións, conferencias, encontros con escritores e escritoras, concertos, actividades deportivas, recitais poéticos... En segundo lugar, figuran aquelas que se van desenvolver fóra do centro, pero dentro do propio concello: saídas pola contorna, á Biblioteca Municipal, á Radio, a Monte Penide, ao Museo de Rande, á Illa de San Simón... En terceiro lugar, están as actividades que levan ao noso alumnado por diferentes lugares da xeografía de noso: Vigo, Pontevedra, Santiago, Oseira, Celanova... para coñeceren lugares ou edificios singulares. E, en último lugar, están aquelas actividades que son as que conducen aos nosos rapaces e rapazas alén das súas fronteiras: Atapuerca e Valporquero, Madrid e Toledo e, finalmente, as saídas máis arredadas: Londres e Roma e Florencia.

A carón deste tipo de actividades, figuran outras nas que se pretende achegar ao alumnado ao mundo laboral, ben en centros educativos, ben nas propias empresas ou factorías. E, xa para os niveis de bacharelato, o contacto co mundo universitario a través de charlas informativas no propio centro ou en diferentes facultades da Universidade de Santiago e da de Vigo.

Asemade, queremos dicir que é posible que, ao longo do curso, xurdan actividades que non están programadas de antemán mais que, logo de seren valoradas e consideradas de interese para o noso alumnado, tentarán levarse a cabo.

Finalmente, cómpre aclarar que o alumnado sancionado non poderá participar nestas actividades.

